

LIBROS E XOGOS PARA 1º E 2º CURSO



Dez gatiñas viaxeiras de Eva Mejuto narra a divertida viaxe por Galicia acompañados de dez valentes gatiñas.

Vivan as uñas de cores! de Luis Amavisca e Alicia Acosta é un fermoso conto que rompe estereotipos e resalta a importancia do respecto.



A toda letra. Marabilloso xogo de letras que, ademais, traballa vocabulario e conciencia semántica



La Granja. Xogo de cálculo mental e de lóxica empregando moedas.



LIBROS E XOGOS PARA OS NIÑOS PEQUENOS



Unha eiruga moi larpeira de Eric Carle conta a historia dunha pequena eiruga que percorre as páxinas perforadas deste libro devorando todo canto atopa ata converterse nunha fermosa bolboreta.

O osiño chispas de Jose Antonio Abad e Rosa Osuna é un álbum tenro e divertido sobre a autonomía persoal, a experimentación e a escola como espazo de encontro e aprendizaxe.



Colocolorines. Traballa a toma de decisións empregando as cores.



Lucky Jirafa. Trátase de crear longos pescozos nas xirafas a través de asociacións lóxicas.



RECOMENDACIÓN PARA NADAL



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Bibliotecas
escolares
de Galicia



RECOMENDACIÓNIS PARA ADULTOS



Solpor de Nelson Leite é unha novela cargada de romances improbables, batallas lexendarias, traizóns, amizades e imaxes que se graban no corazón.

mapa.gal de Eva Teixeiro é un pequeno poemario escrito con enerxía e delicadeza sobre uns cimentos de haikus no que cada elemento ten o seu lugar arredor da matría.



Nuevos mundos é un xogo de cartas no que te poñerás no papel de un arquitecto planetario coa misión de atopar e desenvolver un novo mundo mellor.

Allegra é un xogo de cartas, de 2 a 6 participantes, no que deberás realizar diferentes accións coas cartas: intercambialas, golpear a mesa ou despxear algunhas delas. Todo para mellorar a túa puntuación e gañar o xogo.



LIBROS E XOGOS PARA 5º E 6º CURSO



De viaxe polo mundo de Pablo Aranda é un libro para descubrir unha morea de curiosidades dos 5 continentes da man dunha nena, un neno e un can.

Ringo de Pablo Nogueira é unha fermosa aventura para abordar temas esenciais como o valor da amizade, a diversidade, e empatía e o amor.




El caso del museo. Xogo de mesa no que é preciso empregar habilidades de estratexia, planificación e concentración.

Detecteam family. Xogo de cartas no que, cooperativamente, se resolverá o misterio.



LIBROS E XOGOS PARA 3º E 4º CURSO

As pombas de Bastián de María Canosa narra unha bonita amizade na que os soños xogan un importante papel.



Caramomia de Leticia Costa, Hematocritico, María Lado e Daniel Ladesa conta a historia de catro cativos aburridos que comezan a ver cousas moi raras no seu barrio.

Castillos y catapultas. Xogo para traballar o principio alfabético e a conciencia semántica



Carrera de letras. Divertido xogo de mesa e de habilidade no que terás que derrubar os castelos dos contrincantes.

